



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA VINTE E CATRO DE MARZO DE DOUS MIL VINTE E DOUS

Expte: 2022/G007/00010

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás nove horas e corenta e cinco minutos do día vinte e catro de marzo de dous mil vinte e dous, ten lugar reunión en primeira convocatoria da Xunta de Goberno Local de Valdoviño, para celebrar sesión ordinaria. Preside a sesión o Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández, e asisten os/as seus concelleiros/as: Dona Rosa Ana García López, don Sergio Saavedra Gutiérrez, dona Jessica Sabín Fernández e don Alejandro Antonio García Sousa.

Abre a sesión o Presidente, estando asistidos pola secretaria municipal, dona Carlota González Navarro; sesión na que se adoptan os acordos seguintes:

Orde do Día

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DOS BORRADORES DAS ACTAS DAS SESIÓNS DE DATA 24.02.22 (ORDINARIA) , 03.02.22 (ORDINARIA) E 10.03.22 (ORDINARIA).-

Sometense a aprobación os borradores das actas que se mencionan, e votando para cada unha delas os asistentes as mesmas, resultou que ditos borradores quedaron aprobados en votación ordinaria e por unanimidade.

2º.- APROBACIÓN DE GASTOS. RELACIÓN DE FACTURAS.-

Dáse conta á Xunta das propostas de Alcaldía que de seguido se enumeran, e sometense a votación.

A.- APROBACIÓN DE GASTOS. RELACIÓN DE FACTURAS F/2022/7.-

PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA:

“Conforme relación de facturas confeccionada polos Servizos Económicos do Concello de Valdoviño baixo o número F/2022/7 e remitida a Intervención municipal, a contía total da mesma ascende a CENTO CORENTA E UN MIL SEIS CENTOS SESENTA E CINCO EUROS CON SESENTA E SETE CÉNTIMOS (141.665,67 €). Neste senso, as 9 facturas que integran a relación de facturas núm. F/2022/7 figuran como anexo á proposta efectuada.

Visto o Informe de Intervención desfavorable 8/2022 (EMP 22/2022) con resultado de fiscalización desfavorable con reparo suspensivo emitido en data 15 de marzo do 2022.

En virtude do enunciado no artigo 21. f) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local na súa redacción dada pola Lei 11/1999, do 21 de abril e a Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local.

PROPOÑO

Primeiro.- Aprobar a relación de facturas F/2022/7 segundo a relación confeccionada polos servizos económicos do Concello de Valdoviño.

Segundo.- Autorizar o correspondente pagamento da devandita relación de facturas por importe de CIENTO CORENTA E UN MIL SEIS CENTOS SESENTA E CINCO EUROS CON SESENTA E SETE CÉNTIMOS (141.665,67 €).

Mándaos e asíno dixitalmente o Alcalde, Alberto González Fernández, na data indicada á marxe” .

A anterior proposta de Alcaldía quedou aprobada pola Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos seus membros.

B.- APROBACIÓN DE GASTOS. RELACIÓN DE FACTURAS F/2022/8.-
PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA:

“Elaborouse a seguinte relación de facturas que figura co número F/2022/8 e que se remitiu pola Intervención Municipal.

A contía total da presente relación de 4 facturas ascende á cantidade de OITENTA E UN MIL SETECENTOS VINTE EUROS CON DEZANOVE CÉNTIMOS (81.720,19 €).

As facturas que integran a antedita relación figuran como anexo á proposta. Visto o informe de reparo suspensivo emitido pola intervención municipal en relación á aprobación e pago das facturas incluídas na citada relación.

A Alcaldía, de acordo coas competencias que se atribúen á Alcaldía polo artigo 21, apartado 1.f) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada polas Leis 11/99 e 57/03,

PROPÓN:

PRIMEIRO.- APROBAR a relación de facturas sinalada, F/2022/8 así como AUTORIZAR o correspondente pagamento por importe bruto de 81.720,19 euros.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica
O alcalde: Asdo. D. Alberto González Fernández (Asdo. Dixitalmente)”.

A anterior proposta de Alcaldía quedou aprobada pola Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos seus membros.

3º.- EXPEDIENTES DA ÁREA DE URBANISMO.-

.- Licenza de primeira ocupación

- **Expte 03/2022. JAVIER GONZÁLEZ PÉREZ.**- Para a licenza de primeira ocupación de vivenda unifamiliar sita en [REDACTED] e que se corresponde co expediente de obras 59/2019, licenza concedida en X.G.L. de data 29 de agosto de 2019.

Visto o informe do arquitecto municipal de 23 de marzo de 2022 no que conclúe que o edificio executado reúne as condicións establecidas para destinalo ao uso previsto (vivenda) polo que informa **favorable** a licencia de 1ª ocupación,

Esta Alcaldía en uso das competencias atribuídas pola lei 7/1985 de 02 de abril Reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local, a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Conceder ao peticionario Javier González Pérez a licenza de 1ª ocupación de vivenda sita e [REDACTED] segundo o disposto no artigo 194 da Lei 9/2002, de 30 de decembro, de Vivenda en Galicia, autorizando a posta en uso da vivenda.

Segundo.- Practicaráselle a liquidación (taxa) por expedición de licencia de 1ª ocupación, con importe de 75,20 euros.

Terceiro.- Notifíquese o presente acordo ao interesado e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo para o seu trámite; así coma aos servizos económicos para os debidos efectos.

En Valdoviño, 23 de marzo de 2022.

O alcalde, Asinado/Alberto González Fernández

A Xunta de Goberno Local, despois de ver a proposta de Alcaldía, acordou aprobala nos seus termos; concedendo a licenza de 1ª ocupación nº 3/2022, tramitada a concesión de licenza no expediente de obra maior nº 59/2019.

Licenza de obra maior

.- Expte. de obras 168/2020.- RAMÓN LÓPEZ FRANCO (representada por Magdalena López Martínez).- Para as obras de ampliación de vivenda existente no [REDACTED] Valdoviño en solo clasificado como SOLO NON URBANIZABLE (Común), e de acordo coa documentación técnica achegada e asinada pola arquitecta Magdalena López Martínez.

E Visto o informe do arquitecto municipal de data 17 de marzo de 2022 indica que o proxecto de ampliación de vivenda unifamiliar presentado NON é viable segundo a normativa en vigor e, polo tanto infórmase a solicitude **DESFAVORABLE**, xa que considera que non se xustifica cal é o volume da edificación existente que estaba finalizada antes da entrada en vigor da Lei 19/1975 e , en consecuencia, non é viable a aplicación do artigo 40 da LSG nos termos que plantea o proxecto presentado (aumento volumen orixinario <50%).

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Non conceder licenza de ampliación de [REDACTED] nº 12, parroquia de Lago, Valdoviño.

Segundo.- APROBAR a liquidación das taxas de 48,08 € polo expediente de obra.

Terceiro.- Notifíquese o presente acordo ó interesado e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo para o seu trámite; así coma aos servizos económicos para os debidos efectos.

Valdoviño, 21 de marzo de 2022.

O Alcalde,

Asinado/Alberto González Fernández”

A Xunta de Goberno Local, despois de ver a proposta de Alcaldía, acordou aprobala nos seus términos; desestimando a licenza solicitada polo interesado.

.- Licencia obra maior.-

.- Expte. de obras 222/2021.- JAVIER LIPUZCOA SERÓN (representada por Mónica Lourido Vázquez).- Para as obras de construción de vivenda unifamiliar no [REDACTED] parroquia de Pantín, Valdoviño en solo clasificado como SUELO NO URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL. ZONA DE EDIFICACIÓN RESIDENCIAL AISLADA, e de acordo coa documentación técnica achegada e asinada pola arquitecta Mónica Lourido Vázquez.

E Visto que a documentación que se aportou ao expediente e que é conforme e completa, segundo o informe do arquitecto municipal e da secretaria municipal de data 9 de marzo de 2022 en sentido **FAVORABLE**.

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Conceder licenza construción de vivenda unifamiliar a Javier Lipuzcoa Serón no [REDACTED] parroquia de Pantín, Valdoviño, licenza que se outorga salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Segundo.- As obras axustaranse á documentación técnica achegada e asinada pola arquitecta Mónica Lourido Vázquez e as condicións sinaladas no informe do arquitecto municipal (Anexo 1: CONDICIÓN DA LICENZA) de data 9 de marzo de 2022, debendo trasladarse ditas condicións ao promotor do expediente en debida forma, xunto coa licenza municipal.

Terceiro.- APROBAR a liquidación provisional das obras, segundo o seguinte desglose: Taxas 436,48 €. ICIO.- 2.007,82 €.

Cuarto.- Aprobar o prazo de execución das obras, que se estima en 36 meses.

Quinto.- Notifíquese o presente acordo ó interesado e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo para o seu trámite; así coma aos servizos económicos para os debidos efectos.

Valdoviño, 11 de marzo de 2022.

O Alcalde,

Asinado/Alberto González Fernández”

A Xunta de Goberno Local, despois de ver a proposta de Alcaldía, acordou aprobala nos seus términos en votación ordinaria e por unanimidad dos seus membros.

Licenza de parcelación

.- Expte. de parcelación 09/2021.- ANA MARÍA PEDRE DURÁN E PABLO COBELO MARTÍNEZ (representado por Jorge Sánchez de Toca Triviño).- Para licenza de parcelación urbanística (segregación) de finca cuia referencia catastral correspóndese co número [REDACTED] sita [REDACTED] en solo clasificado e cualificado como :

Porción 1 SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL TRADICIONAL. ZONA DE EDIFICACIÓN RESIDENCIAL ILLADA (2.084 m²).

Porción 2 SOLO NON URBANIZABLE (COMÚN) (917 m²).

Procédese a segregar da parcela inicial dúas porcións de terreo, de maneira que se obteñen as seguintes fincas resultantes:

- Finca segregada (Parcela 2). Superficie: 936 m², en núcleo rural (sup. neta parcela: 900 m²). Non ten edificacións. (ver plano nº 4 do proxecto).

- Resto Finca Matriz (Parcela 3). Superficie:2.065 m², dos cales 1.148 m² están no núcleo rural (sup. neta parcela 1.105 m²) e 917 m² en solo rústico. Non ten edificacións (ver plano nº 4 do proxecto).

E de acordo coa documentación técnica achegada polo enxeñeiro Técnico Agrícola Jorge Sánchez de Toca Triviño de data 11 de novembro de 2021.

Visto o informe do arquitecto municipal e da secretaria municipal de data 14 de marzo de 2022.

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da lei 7/1985 de 02 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón á Xunta de goberno local, a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro.- Conceder a licencia de segregación solicitada a Ana María Pedre Durán e Pablo Cobelo Martínez , nas condicións que figuran no informe do arquitecto municipal de data 14 de marzo de 2022 do que se axuntará copia, así como a documentación técnica achegada e asinada polo enxeñeiro Técnico Agrícola Jorge Sánchez de Toca Triviño.

Segundo.- Aprobar a liquidación de taxas que ascende á cantidade de 277,59 €.

Terceiro.- Notificar o presente acordo aos solicitantes.

Cuarto.- Dar traslado do presente acordo ao negociado de obras e urbanismo aos efectos oportunos.

Valdoviño, 15 de marzo de 2022
O Alcalde,
Asinado/Alberto González Fernández”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e votación ordinaria, acordou aprobala nos seus términos; aprobando a licenza de parcelación indicada.

Licenza de obra maior

.- Expte. de obras 24/2021.- CARLOS DOPICO FRAGA E NATALIA DÍAZ CIBREIRO.- Para as obras de construción de vivenda unifamiliar no [REDACTED] Valdoviño, (referencia catastral nº [REDACTED] en solo clasificado como SUELO NO URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL. ZONA DE EDIFICACIÓN RESIDENCIAL AISLADA, e de acordo coa documentación técnica achegada e asinada polo arquitecto Manuel Porto Vila.

E Visto que a documentación que se aportou ao expediente e que é conforme e completa, segundo o informe do arquitecto municipal e da secretaria municipal de data 15 de marzo de 2022 en sentido **FAVORABLE**.

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Conceder licenza construción de vivenda unifamiliar a Carlos Dopico Fraga e Natalia Díaz Cibreiro no [REDACTED] Lago, Valdoviño, licenza que se outorga salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Segundo.- As obras axustaranse á documentación técnica achegada e asinada polo arquitecto Manuel Porto Vila e as condicións sinaladas no informe do arquitecto municipal (Anexo 1: CONDICIÓN DA LICENZA) de data 15 de marzo de 2022, debendo trasladarse ditas condicións ao promotor do expediente en debida forma, xunto coa licenza municipal.

Terceiro.- APROBAR a liquidación provisional das obras, segundo o seguinte desglose:
Taxas 48,08 €. ICIO.- 3.101,38 €.

Cuarto.- Aprobar o prazo de execución das obras, que se estima en 36 meses.

Quinto.- Notifíquese o presente acordo ó interesado e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo para o seu trámite; así coma aos servizos económicos para os debidos efectos.

Valdoviño, 16 de marzo de 2022.
O Alcalde, Asinado/Alberto González Fernández

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e votación ordinaria aprobou a licenza de obra do expte. 24/2021.

Acordos derivados en licenza de obra maior.

.- Expte. de obras 15/2012.- JORGE JUAN SEOANE SOUTO.- Informe complementario para as obras de construción de vivenda unifamiliar aillada [REDACTED] [REDACTED] Valdoviño, en solo clasificado como SUELO NO URBANIZABLE DE NUCLEO RURAL. ZONA DE EDIFICACIÓN RESIDENCIAL AILLADA, e de acordo coa documentación técnica achegada e asinada polo arquitecto Jesús Pena Noya..

Xirada a visita de comprobación á edificación con motivo da solicitude de primeira ocupación, compróbase a existencia dunha serie de modificacións con respecto ao proxecto que obtivo a licenza de municipal de obras.

En relación as condicións urbanísticas esta modificación supón a variación, con respecto o proxecto orixinal, dos seguintes parámetros urbanísticos:

- * Superficie parcela bruta: pasa de 1.500 m² a 1.301 m²
- * Superficie parcela neta: pasa 1.405 m² a 1.233 m²
- * Cesións. pasa de 95,00 m² a 68 m²
- * Superficie construída: pasa de 417,80 m² a 433,80 m²
- * Ocupación en planta: pasa de 18,32 % a 21,85 %

E Visto que a documentación complementaria que se aportou ao expediente e que é conforme e completa, segundo o informe do arquitecto municipal de data 21 de marzo de 2022 en sentido **FAVORABLE**.

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar o aumento da vivenda unifamiliar a Jorge Juan Seoane Soto no [REDACTED] [REDACTED] Valdoviño, licenza que se outorga salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Segundo.- As obras axustaranse á documentación técnica e as condicións sinaladas no informe do arquitecto municipal de data 21 de marzo de 2022..

Terceiro.- APROBAR a liquidación provisional das obras. ICIO.- 129.71 €

Quinto.- Notifíquese o presente acordo ó interesado e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo para o seu trámite; así coma aos servizos económicos para os debidos efectos.

Valdoviño, 22 de marzo de 2022.

O Alcalde, Asinado/Alberto González Fernández”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e unanimidade dos seus membros, acordou a súa aprobación.

4º.- APROBACIÓN DE PAGAMENTOS DERIVADOS DO CONCURSO DE DECORACIÓN DE NADAL.-

INFORME-PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL:

“Rita Díaz González, Técnica de Xestión Cultural do Concello de Valdoviño, en relación ao consumo de vales en empresa local polas persoas ganadoras do concurso **DECORACIÓN DE NADAL EN LOCAIS DE HOSTALERÍA E LOCAIS DE EMPRESAS SEN ESCAPARATE, EN ESCAPARATES DE COMERCIO LOCAL, E DE DECORACIÓN DE FACHADAS, BALCÓNS, FIESTRAS E XARDÍNS EN DOMICILIOS DA VECIÑANZA** convocado no ano 2021,

INFORMA

Que atendendo á convocatoria CONCURSO DE DECORACIÓN DE NADAL EN LOCAIS DE HOSTALERÍA E LOCAIS DE EMPRESAS SEN ESCAPARATE, EN ESCAPARATES DE COMERCIO LOCAL, E DE DECORACIÓN DE FACHADAS, BALCÓNS, FIESTRAS E XARDÍNS EN DOMICILIOS DA VECIÑANZA aprobada por DECRETO 797 de 10 de decembro de 2021 os veciños de Valdoviño presentaron un total de 24 solicitudes de participación sumando todas as categorías , anulándose unha solicitude previa petición de interesados e antes da data de valoración debido a imposibilidade da montaxe prevista por inclemencias do tempo.

O xurado encargado de xulgar o concurso , formado por :

D. Benito Vega Fernández [REDACTED] concelleiro de servizos en representación da administración local

Dna. Rosario Guerra Pato [REDACTED] presidenta da asociación de mulleres rurais Mª del Mar Becerra en representación das entidades asociativas

D. José Luis Bustabad Martínez [REDACTED], presidente da asociación de veciños de Sequeiro en representación das entidades asociativas,

Dna. Noelia Uceira Vilar [REDACTED], estudante de comunicación audiovisual en calidade de especialista técnica,

Dna. Rocío García Brandeiro [REDACTED] profesora de escapatismo no centro Rodolfo Ucha de Ferrol en calidade de especialista técnica

e

Rita Díaz González, Técnica de Cultura do Concello de Valdoviño como secretaria , sen voz e sen voto

realizou un percorrido por todos os locais e domicilios anotados ao concurso o día 4 de xaneiro de 2022, reuníndose ao finalizar dito recorrido na biblioteca da casa de cultura donde de común acordo determinaron os ganadores de cada unha das categorías e donde , tamén de mutuo acordo tomaron a decisión de repartir o vale de 100,00 euros destinado a

premiar a MELLOR DECORACIÓN DE XARDÍNS en dous vales de 50,00 euros cada un destinados a dous participantes con igual valoración por parte do xurado.

Entrégáronse un total de 5 vales para consumo en empresa local por un importe total de 600,00 euros atendendo á seguinte táboa de premios :

MELLOR DECORACIÓN DE LOCAIS DE HOSTALERÍA E/OU LOCAIS DE EMPRESAS SEN ESCAPARATE : 200,00EUR	EMPRESA LOCAL NA QUE SE FAI O GASTO
HERRERÍA JAIME (JAIME FRAGA ULFE)	CON FÍO DE INÉS 100,00 COOPERATIVA DE LAGO 100,00
MELLOR DECORACIÓN DE ESCAPARATES EN COMERCIO LOCAL 200,00 EUROS	EMPRESA LOCAL NA QUE SE FAI O GASTO
DESPELUXADA (MARÍA JESÚS TESTA GRANDAL)	CARNICERÍA VALDOVIÑO 200,00
MELLOR DECORACIÓN DE FACHADAS, BALCÓNS E FIESTRAS. 100,00 EUR.	EMPRESA LOCAL NA QUE SE FAI O GASTO
ELENA FERNÁNDEZ NOVO	ELECTRODOMÉSTICOS NITO 50,00 MARANELLO ESTILISTAS 50,00
MELLOR DECORACIÓN DE XARDÍNS 100,00 EUROS	EMPRESA LOCAL NA QUE SE FAI O GASTO
MERCEDES CASTRO CONZÁLEZ.	LIBRERÍA PAPELERÍA XEILA 50,00
ALEXANDRA LÓPEZ LÓPEZ	ELECTRODOMÉSTICOS NITO 50,00

PROPONSE :

O pagamento das cantidades indicadas a cada unha das empresas sinaladas elixidas polos destinatarios dos vales.

Os destinatarios dos vales teñen de prazo ate o 30 de xuño para proceder á súa compra, feita a mesma o negocio poderá emitir a factura correspondente segundo o establecido para tal feito polo Concello de Valdoviño

En Valdoviño, 11 de marzo de 2022.

Técnico de xestión cultural.

Rita Díaz González”.

Dáse conta á Xunta da anterior proposta de Alcaldía que o sr. Alcalde acepta e propón á súa aprobación. Sometida a votación dita proposta, quedou aprobada pola Xunta de Goberno en votación ordinaria e unanimidade dos seus membros.

5º.- APROBACIÓN DE CERTIFICACIÓNS (Nº 1 E Nº 2) DO PROXECTO DE OBRA: “MELLORA NO SANEAMENTO DE LAGO”. POS+2020.-

Dáse conta á Xunta de Goberno local da seguinte PROPOSTA DA ALCALDÍA PRESIDENCIA:

“Proposta de aprobación da certificación n.º 1 do Proxecto Mellora no saneamento de Lago da Convocatoria POS+OBRASSUM/2020 Plan de Obras e Servizos (Plan único de Concellos) POS+2020 da anualidade 2020 da Excm. Deputación de A Coruña, asinada pola dirección de obra o 19 de novembro do 2021.

A devandita certificación n.º 1 do Proxecto Mellora no saneamento de Lago foi inxerida no Rexistro Xeral do Concello de Valdoviño o 13 de xaneiro do 2022 (Número de rexistro de entrada 202299900000047) e a correspondente factura foi presentada telemáticamente pola empresa adjudicataria Viaqua S.A.U. con C.I.F. núm. A66141185 por importe de 36.120,07 € en data 25 de novembro do 2021.

Visto o Informe de intervención EMP 19/2022 con resultado de fiscalización favorable con observacións emitido en data 14 de marzo do 2022.

Proposta de aprobación da certificación n.º 2 do Proxecto Mellora no saneamento de Lago da Convocatoria POS+OBRASSUM/2020 Plan de Obras e Servizos (Plan único de Concellos) POS+2020 da anualidade 2020 da Excm. Deputación de A Coruña, asinada pola dirección de obra o 19 de novembro do 2021.

A devandita certificación n.º 2 do Proxecto Mellora no saneamento de Lago foi inxerida no Rexistro Xeral do Concello de Valdoviño o 13 de xaneiro do 2022 (Número de rexistro de entrada 202299900000047) e a correspondente factura foi presentada telemáticamente o 25 de novembro do 2021 pola empresa adjudicataria Viaqua S.A.U. con C.I.F. núm. A66141185 por importe de 14.549,61 €.

Visto o Informe de intervención EMP 20/2022 con resultado de fiscalización favorable con observacións emitido en data 14 de marzo do 2022.

En virtude do enunciado esta Alcaldía PROPÓN a adopción do seguinte acordo;

Primeiro.- Aprobar a certificación n.º 1 do Proxecto Mellora no saneamento de Lago e a correspondente factura número 2199200499 do 25 de novembro 2021 con número de rexistro contable F/2021/3043, emitida por Viaqua S.A.U. con C.I.F. núm. A66141185 por importe de 36.120,07 €.

Segundo.- Conforme o disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local como Alcalde e ordenador de pagos, acordar e ordear o pago dos impostos citados que derivan do recoñecemento da obriga, así como recoñecer o dereito do Concello de Valdoviño ao cobro das taxas enunciadas no artigo 6 da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por prestación de servizos, inspección e dirección de obras realizadas polos técnicos competentes. Así, o tipo de gravame a aplicar será o 3% e o 1% do Presuposto de Execución Material pola dirección e inspección de obra e coordinación de seguridade e saúde, respectivamente. Polo tanto, ao importe total da certificación n.º 1 do Proxecto Mellora no saneamento de Lago da Convocatoria POS+OBRASSUM/2020 Plan de Obras e Servizos (Plan único de Concellos) POS+2020 da anualidade 2020 da Excma. Deputación de A Coruña deberán descontárselle 986,83 € pola dirección e inspección de obra e 328,94 € respecto a coordinación de seguridade e saúde.

Terceiro.- Aprobar a certificación n.º 2 do Proxecto Mellora no saneamento de Lago e a correspondente factura número 2199200500 do 25 de novembro 2021 con número de rexistro contable F/2021/3044, emitida por Viaqua S.A.U. con C.I.F. núm. A66141185 por importe de 14.549,61 €.

Cuarto.- Conforme o disposto no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local como Alcalde e ordenador de pagos, acordar e ordear o pago dos impostos citados que derivan do recoñecemento da obriga, así como recoñecer o dereito do Concello de Valdoviño ao cobro das taxas enunciadas no artigo 6 da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por prestación de servizos, inspección e dirección de obras realizadas polos técnicos competentes. Así, o tipo de gravame a aplicar será o 3% e o 1% do Presuposto de Execución Material pola dirección e inspección de obra e coordinación de seguridade e saúde, respectivamente. Polo tanto, ao importe total da certificación n.º 2 do Proxecto Mellora no saneamento de Lago da Convocatoria POS+OBRASSUM/2020 Plan de Obras e Servizos (Plan único de Concellos) POS+2020 da anualidade 2020 da Excma. Deputación de A Coruña deberán descontárselle 397,51 € pola dirección e inspección de obra e 132,50 € respecto a coordinación de seguridade e saúde.

Proposta asinada dixitalmente polo Alcalde, Alberto González Fernández, na data indicada á marxe.”

Sometida a votación, a anterior proposta de Alcaldía, resultou aprobada pola Xunta de Goberno Local, por unanimidade e votación ordinaria.

6º.- APROBACIÓN DE GASTO ASOCIADO AO DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO “HISTORIAS PARA CONTAR” NO CPI DE ATIOS. PROGRAMA “SOMOS E CONTAMOS”.-

PROPOSTA DE ALCALDÍA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL PARA A APROBACIÓN DA CONTRATACIÓN PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO “HISTORIAS PARA CONTAR” NO CPI ATIOS (PROGRAMA MUNICIPAL “SOMOS E CONTAMOS” DE IGUALDADE E PREVENCIÓN DE VIOLENCIAS”)

) Alberto González Fernández, Alcalde do Concello de Valdoviño, vista existencia de crédito e a retención practicada polo Departamento de Intervención e visto o informe técnico da educadora social do Departamento de Servizos Sociais, que se transcribe a continuación:

“INFORME- PROPOSTA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROXECTO “HISTORIAS PARA CONTAR” NO CPI ATIOS (PROGRAMA MUNICIPAL “SOMOS E CONTAMOS” DE IGUALDADE E PREVENCIÓN DE VIOLENCIAS”)

Iria García Martínez, Educadora Social do Concello, en relación ao programa municipal de igualdade e prevención de violencia de xénero “Somos e Contamos”, dentro do Departamento de Servizos Sociais Comunitarios

INFORMO

1. que a presente proposta responde a un dobre obxectivo. Por un lado, valórase pola necesidade detectada de actuar co colectivo adolescente nun momento no que se observa afectación social e emocional a nivel xeral. Os últimos meses supuxeron un cambio nos ambientes grupais e na situación anímica dos e das rapazas, o que fixo pensar na necesidade de impulsar un proxecto que repare esa distancia entre iguais e ao mesmo tempo ilusione ao grupo, pola realización dun traballo conxunto. Por outra banda, o programa municipal “Somos e contamos” ten como obxectivo permanente o traballo sobre igualdade en xénero coa comunidade escolar, planificando diversas actuacións que contribúan á súa formación como persoas e a unha sensibilización social que promova a igualdade de oportunidades e dereitos entre a cidadanía.

2. que considerando o exposto anteriormente, pénsase en elaborar un traballo educativo que derive nun produto audiovisual final, como elemento de motivación para esa franxa de idade.

3. que atendendo á metodoloxía e aos niveis nos que se observa máis necesidade, enfócase esta proposta para os grupos de 3º e 4º de secundaria (4 grupos).

4. que considerando a especificidade do proxecto, procúranse entidades que poidan asumir tecnicamente o desenvolvemento audiovisual, entre as que se atopan Socialdocs e Koremi. A primeira parece enfocarse a proxectos cinematográficos, polo que se solicita á segunda entidade un orzamento, despois de recibir información sobre a súa carteira de servizos.

5. que o orzamento presentado ascende a 7790,26 euros (IVE engadido).

6. que en relación ao financiamento, pode encadrarse dentro do apartado aberto contemplado no “POS para gastos sociais extraordinarios”, considerando a súa circunstancia actual de colectivo vulnerable CVD: WL7X+iWS2/Qzam/RM2rJ Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

7. que tendo en conta o anteriormente exposto:

SOLICITO

Aprobar o gasto e reter a cantidade económica correspondente á proposta do Departamento de Servizos Sociais Comunitarios para a realización do proxecto “Historias para contar” por un importe total de 7790,26 euros, a favor da entidade Koremi.

En Valdoviño a 8 de marzo de 2022 Iria García Martínez Educadora Social (Col. 3545)

PROPOÑO: á Xunta de Goberno Local a aprobación do gasto asociado ao desenvolvemento do proxecto “Historias para contar” no CPI Atios, no marco do programa municipal “Somos e contamos” de igualdade e prevención de violencia de xénero, por un importe total de 7790,26 euros a favor da entidade Koremi.

Documento asinado polo alcalde, Alberto González Fernández, na data que figura á marxe.”

Visto o proposto á Xunta de Goberno Local, ésta, en votación ordinaria e por unanimidade de todos os seus componentes, acordou a aprobación do gasto descrito, asociado ao desenvolvemento do proxecto “Historias para contar”.

7º.- AUTORIZACIÓN SUBSTITUCIÓN DO VEHÍCULO ADSCRITO Á LICENZA DE TAXI Nº 2.-

Proposta de Alcaldía:

Vista a proposta de Alcaldía do Concello de Valdoviño de data 18 de febreiro de 2022 do seguinte tenor literal:

“PROPOSTA DE ALCALDÍA PRESIDENCIA PARA AUTORIZAR A SUBSTITUCIÓN DE VEHÍCULO ADSCRITO Á LICENZA DE TAXI Nº 2.

Tendo coñecemento da solicitude con número de rexistro de entrada 202200000000386 formulada por Eusebio Fernández Fernández con D.N.I. núm. [REDACTED] en data 7 de febreiro do 2022 referente á substitución do vehículo asociado a licenza de taxi n.º 2 do Concello de Valdoviño.

Visto que o vehículo Mercedes Benz C. 200 CDI con número de matrícula [REDACTED] e bastidor nº [REDACTED] asociado a licenza de taxi n.º 2 pretende ser substituído por outro vehículo de mellores características con número de bastidor [REDACTED] e matrícula [REDACTED] modelo TOYOTA COROLLA.

Conforme o disposto no artigo 26 da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículo de turismo de Galicia

1. Os vehículos que figuren identificados, aos que se adscriban as licenzas de taxi e autorizacións interurbanas de taxi para o exercicio da actividade, poderán ser substituídos por outros, previa autorización do ente concedente, sempre que o vehículo que substitúa ao anterior fose máis novo e reunise as condicións esixidas para a prestación do servizo.
2. Desenvolverase regulamentariamente o procedemento para autorizar a substitución de vehículos e tamén para unha adscrición temporal no suposto de avaría ou inutilización por un período de tempo determinado.

En virtude do enunciado no artigo 21 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local na súa redacción dada pola Lei 11/1999, do 21 de abril e a Lei 57/2003, do 16

de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, esta Alcaldía CVD: R2OIVq9MIFeoMeu5WT4F Verificable en la Sede Electrónica del Organismo.

PROPÓN

Primeiro.- Iniciar a tramitación administrativa para a autorizar a substitución de vehículo adscrito a licenza n.º 2 do Concello de Valdoviño.

Segundo.- Dar traslado da presente proposta á Dirección Xeral de Mobilidade da Xunta de Galicia aos efectos da emisión de informe preceptivo e vinculante, de acordo co disposto no artigo 3.1 c) da Lei 4/2013, do 30 de maio, de transporte público de persoas en vehículo de turismo de Galicia.”

Recibido neste Concello, en data 17 de marzo de 2022, Informe favorable emitido pola Consellería de Infraestructuras e Mobilidade, Xefatura Territorial da Coruña, Servizo de Mobilidade, sobre a solicitude de autorización de substitución de vehículo na Licenza municipal nº 2 e Autorización VT-N presentada por Eusebio Fernández Fernández.

Esta ALCALDÍA en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte ACORDO:

PRIMEIRO.- Autoriza-la substitución de vehículo taxi e Autorización VT-N a Don Eusebio Fernández Fernández, dando as oportunas instrucións para incorporar dita modificación á Licenza no 2 que ten outorgada a titular.

SEGUNDO.- Comunicar o presente acordo á Dirección Xeral de Mobilidade da Xunta de Galicia a través da aplicación R-taxi.

/ASINADO ELECTRONICAMENTE POLO SR. ALCALDE/

A Xunta de Goberno Local, vista anterior proposta de Alcaldía, acordou a súa aprobación en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros.

8º.- APROBACIÓN DE CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VALDOVIÑO E A XUNTA PROVINCIAL DA CORUÑA DA ASOCIACIÓN ESPAÑOLA CONTRA O CÁNCRO.-

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do borrador de convenio descrito:

PROPOSTA DE ALCALDÍA DE APROBACIÓN DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE O CONCELLO DE VALDOVIÑO E A XUNTA PROVINCIAL DA CORUÑA DA ASOCIACIÓN ESPAÑOLA CONTRA EL CÁNCER.

Sendo de interese para as partes actúantes a prevención, información e concienciación de hábitos saudables e o establecemento neste concello de rutas saudables.

